


# Celtiga



30 CÉNTIMOS

Dibujo de Castelao



*Céltiga*

NOVELA MENSUAL ILUSTRADA

FERROL

do

Diretor:

Jaime Quintanilla.

Segredario:

Fiz Álvarez do Castelo.

Administrador:

Manoel Morgado.

Gerente:

Ramón Villar Ponte.

\*\*\*\*\*

#### REDAUTORES E COLABORADORES

Jaime Quintanilla, Antón Villar Ponte, Gonzalo López Abente, Manoel Lustres Rivas, Roberto Blanco Torres, Victoriano Taibo, Eugenio Charlón Arias e Manoel Sánchez Hermida, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Eugenio Montes, Antón Losada Diéguez, Manoel F. Barreiro, Manoel Antonio, José Castro Rodríguez, Nicolás García Pereira, Pedro Fraga de Porto, Valentín Paz Andrade

#### PINTORES E DIBUJANTES

Alfonso R. Castelao, Camilo Díaz Baliño, Imeldo Corral, Álvaro Cebreiro, Farruco Lamas, Carmelo.

O ferceiro número de **CÉLTIGA** publicará a novela dialogada, cómico-trágica, en tres jornadas, número extraordinario:

# ~ ALMAS MORTAS ~

Original de Antón Villar Ponte. Ilustrada pol-o notabre esceógrafo Camilo Díaz.

"ALMAS MORTAS" costará 50 céntimos o exemplar.

ANO I

Abril do 1922

NÚM. 2

# OS CATRO CISNES BRANCOS

LENTA CELTA POR LOUEY CHISHOLM

Traducida directamente á o galego por  
MANOEL FERNÁNDEZ BARREIRO

## NOTAS DO AUTORE

I

Esta lenda e as outras que han seguire; foron esquirtas tendo en conta e unificando as variantes das qu'eu teño lido, e, principalmente, das publicadas por: Dr. Joyce (Old Celtic Romances); Dr. Cameron (Reliquae Celticae); Standish Hayes O'Grady (The Pursuit after Diarmud O'Duibhne and Grainne the daughter of Cormac Mac Airt); Douglas Hyde (The Three sorrows of Story-telling); --- Fiona Macleod (The Laughter of Peterkin), etc. ---

II

Dixome un amigo meu que á tí, leitor pequerrecho, non ch'habían gorentare istas vellas lendas; outros dixéronme

tamén qu'eran tristeiras por demais pra seren contadas ós  
nenos, e ainda houbo quen me perguntou en que podían  
servirvos d'ensiño istas narraciós.

Pol-a miña parte estou certo de que vos han gorenntare  
moito. Son tristeiras, non-o nego, mais vosotros non quere-  
des que vos divirtan sempre. Pol-o demais, eu vos non con-  
to istas historias pol-o que vos poidan insinñare, senón pra  
que sintadel-a sua sinxela beleza e gócedes c'o elas como  
teñen gozado hastra ó d'agora centos e centos de nenos irlan-  
deses y-escoceses.

LOUEY CHISHOLM.



OS lonxanos días moraba na Verde Illa d'Eirin unha raza de bravos homes e de fermosas mulleres: a raza dos Dedaniáns.

Dende longos anos os Dedaniáns viñan rendendo homenaxe á moitos xefes; mais n'unha azul mañá, despois de sosteren fera loita c'os seus nemigos, xuntáronse todos e se propuxeron elexir un Rei, pois estaban cansos de seren rexidos por moi-  
tos homes á un tempo.

Antre os principes ali presentes, atopábanse cinco moi axeitados pra leval-o cetro e mail-a coroa, y-especialmentes dous, o Bove-Derg e o Lir. Os Dedaniáns pregáronllas ós xefes que s'arredasen d'aquil lugar antramentres iles fagúian a elección, pois querían discutire con toda libertade.

Non foi mëster que os xefes estiveran alonxa-

dos por moito tempo, pois inda ben se non foran, cando resouu no ar un berro unánime: ¡O Bove-Derg é o Rei! ¡O Bove-Derg é o noso Rei!... E todos ficaron contentes, agás o Lir, que adoeceu de caraxe e fuxiu da chan onde o pobo estaba xuntado sen se despedire de ninguén nin faguel-as reverencias ó Bove-Derg... Os celos ateigábanlle o curazón!

Ollando isto, os Dedaniáns encabuxáronse moito. Un cento de espadas foron brandidas no ar e cintilaron ó sol na longa chán. ¡Imos todos matare ó Lir xa que se nega á rendere homenaxe ó noso Rei, esquecéndose de que é o elexido do pobo!

Mais o Bove-Derg, qu'era home moi sabio e xeneroso, pregóullles que non perseguiaran ó magoadío principe.

\* \*

Moitos anos viviu o Lir no descontente, sen gardare obediencia á ninguén. Mais un día caiu enriba d'il unha pena moi fonda. Morreu a sua dona, sin estare doente mais que tres días, e o Lir, qu'a amaba moiísimo, non atopaba dend'entón acougo pra a sua dôre.

Cando as novas d'ista disgracia chegaron onde o Bove-Derg, achábase iste arrodeado de todolos

seus poderosos xefes. ¡Ide aló!—escramou—; Ide aló en cincoenta carros, e dicidelle ó Lir qu'eu son como sempre o seu amigo! Pregádelle de vire con vosco ó pé de min. Tres fillas arrogadas teño, e unha d'elas pode sere a sua dona si á elo se non opón a vontade do pobo que me elexiu por Rei.—

Cando o Lir ouviu istas falas do Rei, a ledicia lle revertia do peito. Chamou con moita presa ós seus homes e, con outros cincoenta carros, saiu pra cabo d'El Rei. Camiñaron sen tomaren folgos hasta chegaren pol-o grande Lago ó pazo do Bove-Derg; e aló, cando pechaba o dia, e as derradeiras raiolas do sol s'entretecían co'a prata das augas, o Lir rendeu homenaxe á Bove-Derg e iste bicouno na fronte faguendo xuramento de sere sempre o seu amigo.

Moito satisfizo ós Dedaniáns a nova de que a paz raiñaba antre aquiles deus poderosos xefes. Os barudos homes, as fermosas mulleres e até os tenros meniños, choutaron de contente e non houbo na terra inteira curazóns mais felices que os dos bós peboadore da Verde Illa d'Eirin.

\* \*

Pasou o tempo. Ainda o Lir moraba c'o Bove-Derg no pazo d'iste no Grande Lago, cando unha mañá chamouno El Rei e díxolle: Tiveches tempo

d'abondo pra coñecel-as miñas tres fillas arrogadas. Eu non esquecin a pormesa de che donare unha d'elas por muller. Escolle, pois, aquela que che pareza mais axeitada.

E o Lir respondeu: Todas elas son moi fermosas e a escolleita é certamente difizle; emporiso, dóname a mais vella, si che parece ben y-ela se non opón á sere a miña dona. —

E cando lle foi dito isto á mais vella das tres fermosas rapazas, non soio se non opuxo, senon que s'aledou moito. Aquil mesmo día casouse c'o Lir e despois de se pasaren duas semanas, deixou o pazo do seu pai e, pol-o Grande Lago, foise c'o seu home pr'o novo fogar.

\* \*

Moi felis foi iste fogar do Lir!... Ledamente foron pasando os dias e ó cabo d'un ano o matrimonio tivo dous fillos á un tempo, un neno e unha nena. O neno puxéronlle por nome Aed, e á sua irmá chamáronlle Finola.

Ó ano seguinte tiveron outros dous fillos; mais denantes de que os nenos poideran coñecere á sua nai, morreu ista. Moi fondamentes sentiu o Lir a perda da sua fermosa dona, e de certo morrería c'o pesar se non se acochara no grande amor que lles tiña á aqueles neníños que ficaban sin nai.

Cando as novas da morte da muller do Lir

chegaron ó pazo do Bove-Derg, no Grande Lago, fixeron todos un sinceiro loito pol-a amada filla d'El Rei e sentiron unha dôrosa tristura pol-o Lir e pol-os seus catro pequenos. O Bove-Derg dixolle os seus poderosos xefes: Moi grande ten de sere certamente a nosa mágoa; mais n'ista hora sombriza é cando o Lir ten que se decatare da nosa amistade. Correde aló e faguédelle sabere que Eva, a miña segunda filla arrogada, se ha casare co'il e termará con agarimo dos seus meniños.

Os mensaxeiros voaron ó rente do Lir co'ista nova, e o Lir voltou á o pazo do Bove-Derg, no grande Lago, e casouse con Eva, levántoa de-contado cabo da sua filla Finola e dos irmáns d'ista, Aed, Fiacra e Conn.

Os catro pequeníños eran tan garridos e fermosos que daba xenio ollalos. Co'as suas doces tenruras, a Eva abrangueu que fosen a ledicia do seu pai e a orgulleza dos Dedaniáns. En canto ó Lir, era tanto o amor que lles tiña qu'inda ben non abría a mañá arredaba a pelica de cervo, que soparaba os dormitorios e corria ó pé d'eles, pón-dose á xegare c'os nenos hastra ben entrado o dia. E do mesmo xeito amábaos o abó, Bove-Derg, á quen tiñan que levarllos á miudo ó seu pazo no Grande Lago.

Pasou tempo, e Finola chegou á sere xa unha rapaza de doce primaveiras. Mais d'aquela, uns pezoñentos celos se foron afincare no curazón da Eva e chegaron á esmorecel-o amore que hastra entón sentira polos fillos da sua irmá. Na sua desespranza escramaba: O Lir xa me non quer! Soio ten agarimo prós seus fillos!... E durante as semanas e os meses ficou no leito e andivo meditando o xeito de lles faguere mal. Ó fin, unha mañá do vran, mandou perparal-o seu carro e dispúxose á saíre c'os catro fillos do Lir cabo do pazo de Bove-Derg.

Ó sabere isto, Finola botouse á tremare toda, e tornóuse alba de medo, porque lle fora dito en sonos que Eva, a sua madrasta, había faguere aquel dia unha cousa moi mala no seu propio fogar; mailo seu abraiamento se refrexaba sómentes nos grandes ollos abertos e nas meixelas brancas como a neve. Non dixo unha fala, a coitadiña, e partiu con Eva e a sua compañía. Os outros tres nenos s'iban divirtindo moito mentres caminaban, alleos á moura soma apousentada na fronte da sua madrasta e ós brancos labres tremantes da sua irmá.

Cando chegaron á un paraxe escurecido por brétemas mestas, a Eva dixolle caladamente ós homes da sua compañía: Eu prégovos que matedes

á istes pequenos que me arrouban o amore do Lir.  
 Matádeos y-heivos dare moitos tesouros! E os homes  
 responderon arripiados: Nós non faguemos iso!  
 Moi grande vai á sere o castigo que ha caire en  
 col de tí por levares ese mouro pensamento afincado no curazón!

Y-entón Eva, tola de caraxe, colleu unha espada e dispíxose á matalos pol-a sua mesma man; mais falláronll'as forzas e caiu esvaida no medio do carro.

Seguiron adiante... Do bretemoso pasaxe saíron á un branco camiño, arrayado todo pol-o sol. Fitaban as margaridas, c'os seus grandes ollos marelos, ó ceo azul que s'estendia por riba d'elas. Resprandecian antr'os trébos os botós d'ouro. Xurdían dos sulcos os homildes miosotis. Arrecendian as froliñas das silveiras nos valados dos camiños. Ó redor, enriba, ó perto e ó lonxe ouvianse ós xilgaros, ás rulas e ós merlos henchendo a mañá c'os seus chíos ledos. Todo era côr, e lus, e doces sons namentras os nenos íban camiñando pr'o seu tristeiro destiño.

Perto d'un tranquio lago houbo que desaxugá-los cabalos pra que se repousasen; e ali, Eva dispiu ós nenos e levounos ó rente das augas coma si os fora bañare. E non ben chegaron, púxose aatrás d'eles e lles foi tocando nos lombos con

unha variña enfeitizada. E-aconteceu que tan axiña como lle tocou á Finola, Finola trocouse n'un cisné branco como a neve. E do mesmo xeito ós outros tres, Aed, Fiacra e Conn. Catro cisnes brancos aboiaban agora nas augas tranquilas, mentres a Eva lles cantaba unha canzón d'agoiro.

Cando Eva finou o seu canto, os cisnes voltáronse cara á ela e Finola falou d'iste xeito:—Grande dano foi, ou Eva, o que nos fixeches con nos enfeitizares, mais moito meirande ha sere ó que á tí che aconteza pol-a fera xenreira que gardas no curazón.—

O branco peito do cisne latexaba d'anguria mentres falaba:—Dinos cando nos ha liberare a morte d'iste castigo!... Y-Eva respondeu:—As manseliñas augas d'iste lago han sere o voso fogar por trescentos anos; outros trescentos habédelos pasardes nas tromentosas augas do mar antre Eirin e Alba e os trescentos derradeiros habedes sere batidos pol-as salvaxes tempestades do mar d'Ocidente. Hastra que Deeca sexa a raiña do Largnen e o Bon Santo volte á Eirín e se ouzan na terra os tanguidos da campaiña, nin choros, nin layos, nin pregos, nin o amore do voso pai nin o valer d'El Rei han podere tirarvos do voso destino. Mais anque sexades uns tristes e soitarios

cisnes, poderedes gardar por sempre a vosa fala Gaélica e cantardes n'ela, con dondas voces, cantigas tan doces que han levare a paz ós espiritos que poidan ouvirvos. Gardaredes tamén por sempre baixo do voso plumaxe de neve os curazóns de Finola, de Aed, de Fiacra e de Conn e por sempre seguiredes sendo os fillos do Lir.

Eva ordeou que fosen de novo axugadolos cabalos e seguiu co'a sua compañía car'a Oucidente. Aboiando no tranquio lago ficaban os catro cisnes brancos.....

\* \*

Cando Eva chegou soia ó pazo do Bove-Derg trubouse El Rei grandementes temendo que lles acontecera algunha disgracia ós fillos do Lir.

Os acompañantes de Eva, por medo que lle tiñan á ista, se non arriscaron á contal-o feitizo que a filla d'El Rei fora tecendo pol-o camiño. Emporiso o Bove-Derg perguntou:—Como é que Finola e os seus irmáns non viñeron ó pazo con vosco?—

Y-Eva respondeu: É que o Lir xa non ten fiducia en tí, e por iso non consentiu que os trouguésemos.—

Calou El Rei, mais non ficou tranquio co'a res-

posta da sua filla, e aquela mesma noite mandou que cruzasen a montaña uns mensaxeiros pra lle perguntaren ó Lir. Cando os mensaxeiros chegaron onde iste e lle contaron ó que queria El Rei, foi moi grande a sorpresa do pai dos nenos; e á mañá seguinte, c' o curazón ateigado de tristura, convocou á algúis dos seus homes e se encamiñaron ó pazo do seu sogro.

Ainda se non acochara o sol cando os viaxeiros se repousaron nas ribeiras do Lago Darvra, e non fixera o Lir mais que baixarse do carro, cando se detivo cheo d'istraneza. De onde podían viren aquelas mistereosas voces; aqueles sons plañideiros e doces? As falas que ouvia eran sen dúbida falas gaélicas e aquela voz era a da sua filla, mais doce ainda, mais donda, mais chea de mistereoso engado, y-emporiso, ali non se ollaba á nena. Por todas partes o lago soitario, co' as suas augas azúes e tranquilas. A doce mûseca soaba cada vez mais crara e armoñosa, e cando se esvaiaron os derradeiros sons, catro cisnes brancos xurdiron d'antre os xuncos e c'un maino revóo de áas nadaron car'a praia. Y-entón o Lir, abraiado diante do milagre, escoitou con ansiedade ó que falaba un dos cisnes:

—Has sabere, ou Lir,—dixo Finola—que nós somol-os teus nenos trocados en cisnes pol-o mei-

guizo da posa madrasta. Trescentos anos hemos ficar n'iste lago soitario; outros trescentos habémos los pasare nas feras augas do mar de Moyle, e os trescentos derradeiros hemos sere apouvidados pol-as tromentas no fero mar d'Ocidente. Até que Deeca sexa a raíña do Largnen e o bon Santo volte á Éirin e se ouzan na terra os tanguidos da campaíña non seremos liberados do noso feitizo.

Á istas tristeiras verbas responderon os Dedaniáns con berros de dôr e d'indifinación, namen-tras o Lir saloucaba sen acougo. Mais, ó cabo, fixose o silenzo e Finola puido decire como ela e mail-os irmáns habían conservare a fala Gaélica e habían podere cantaren n'ela cantigas doces y-engayoladoras, pra leval-a paz ós curazós que as ouvisen. Dixo tamén como baixo do seu branco prumaxe habían latexaren por sempre os curazós de Finola, de Aed, de Fiacra e mais de Conn, e finou con istas verbas supricantes: Ficad'eiquí con nosco ista noite facéndonos compañía dend'as abas do lago soitario, e à nosa múseca ha chegaré á vos esbarando pol-as mansas augas que alumea aLua, e vos fará repousare n'unha donda paz. Ficade eiquí con nosco!... —

O Lir e o seu pobo permaneceron nas ribeiras do lago hastra o abrente da mañá seguinte, e non

ben aparesceron pol-Ourente os pirmeiros roibéns do dia, o silenzo caiu encol do Lago soitario...

Ergueuse o Lir moi de presa, e sen se detere, dixolle adeus ós seus nenos. Tardáballe atopare á Eva e fitala tremando diante d'il.

Correu sen tomare folgos até o pazo do Bove-Derg e, pol-as augas do Grande Lago, atopouse c' o El Rei que viña á agardalo e traguía collida do brazo á sua filla arrogada.—Como é, ou Lir,—dixolle El Rei—que tampouco veñen os nenos contigo?—

A resposta do Lir foi triste e curta: Non veñen, porque a vosa filla, valéndose d'artes infernaes, trocounos en catro cisnes braneos. Nas augas sereas do Lago Darvra fican Finola, Aed, Fiacra e Conn. D'aló veño eu, disposto á me vingare do mal que á eles lles fixeron.—

Un silenzo solenio como o silenzo da morte caiu encol dos tres, namentras a Eva tremaba... Ó fin falou o Bove-Derg, e collendo a sua variña máxica, fitou con fuscos ollos á sua filla arrogada e con voz ateigada de xenreira foi pronunciando a impracabre pauliña: Mala muller! Non has voltarés á escurecel-a terra c' o teu sombrizo espirto, porque deic' o fin dos tempos vivirás na misérea trocada n'un deño do ar!...—De súpeto, do lombo da condanida foron xurdindo unhas áas de mouro

prumaxe; da sua gorxa saiu un berro irtio, e comenzou á voare, á voare, até que os Dedadiáns non poderon dexergaren mais que un puntiño mouro esvaído nas baixas nubens... E até os nosos días andivo e anda a malfadada Eva batendo as sombrizas áas no longo espazo...

\* \*

Bó e grande era o Bove-Derg. Deixando á unha beira a sua vara enfeitizada, faloulle ó seu pobo d'iste xeito: Permitideme que me vaia de xunto á vosoutros. Deixádeme ire á erguel-a miña casoupa nas ribeiras do Lago Darvra... Moito é o meu amor pol-os fillos do Lir. Eu e mais o seu pai desexamos ficare perto d'iles pra sempre.

Cando se tivo coñecemento en toda a Verde Illa d'Eirin da mala fada que cairá en col dos neños de Lir e da pormesa que fixeran iste e mail-o Bove-Derg de ficaren á carón d'eles pra sempre, de todal-as bandas iña acudindo xente ó Lago Darvra, e, ó redor das praias, chegouse á xuntare unha grande moitedume.

E asin, pol-o dia, Finola e os seus irmáns non coñeceron a soedade, porque na doce fala Gaélica podian contaren as suas coitas e ledicias; y-en troques, pol-a noite, os Dedaniáns tiñanse qu'es-

queceren das suas lembranzas tristeiras, porqu'as cantigas engayoladoras dos cisnes faguián doce o seu sono e lles henchían de paz os espiritos.

Pasenifiantes foi pasando o tempo. Por riba dos frós de Bove-Derg e do Lir caian agora cabeños brancos. E no intre que trascurrian os dias, medraba a malenconia nos peitos dos catro cisnes, porque s'aveciñaba o instante no qu'habian trocarre as augas sereas do lago pol-as alrotadas do mar de Moyle. Cando chegou iste tristeiro día, Finola chamou ós seus irmáns pra lles decir qu'os trescentos anos do Lago Darvra estaban xa finados e qu'había qu'ire pensando en abandoare pra sempre aqueles amados lugares.

Os catro cisnes nadaron con tristes e repousados movementos hastr'as ribeiras do Lago. Endexamais brilara tanto o seu prumaxe de neve; endexamais soara por enriba d'aquelhas praias alumeadas pol-o sol unha müseca tan doce e tan tristeira. Cando chegaron preto da praia, calaron os tres irmáns e foi Finola somentes a qu'entonou unha cantiga d'adeus.

Brancos c'o anoto escoitaron os Dedaniáns o canto de Finola, e cando finou iste e soio os saloucos crebabán o silenzo, os catro cisnes estarricaron as suas áas e voaron outo, deténdose n'o ar un instante pra ollal-as axionlladas formas do

Bove-Derg e do Lir. E alongando despois os seus brancos pescozos, tenderon o vóo car'as augas tromentosas qu'arredan a-y-Alba azul da Verde Illa d'Eirin.

E cando foi sabido qu'os catro cisnes deixaran o Lago e voaran cara ó mar, foi tan grande a tristura do pobo que se fixo unha lei dispóndo que nen un soio cisne fose matado en Eirin dend'aquela data.

\* \*

C'os curazóns ardendo de inquietude e dôridos co'a lembranza do seu pai e dos seus amigos, Fi-nola e os irmáns chegáron ó mar de Moyle. Aque-las augas invernizas aterecianos de friaxe e os céns e as penas qu'ó redor s'ollaban eran mouras e poñíanlles medo. Todo era ali escuro, pro mais escuro parecialles ós cisnes ó se lembraren das augas tranquíñas do Lago Darvra e d'agarimosa moitedume qu'os acompañaba dend'as louzanas ribeiras. ¡Qué diferente o cinire do vento antr'as canas do Lago d'iste xordo fungare, d'iste fero ruxido que viña á pôr un novo abraiamento nos seus espiritos tremantes!...

Antre a misérea e o medo foron pasando os días até que unha noite as mouras e baixas nubens lles anunciaron a veciña tempestade. Chamou entón a

Finola ós seus irmáns e dixolles q'un temor moi grande lle desacougaba o curazón, porque coidaba que a fúrea da tromenta habíaos arredare ós uns dos outros e non sabia como habianse xuntare cando a tempestade fose finada.

Aed respondeu: Si fósemos arredados pol-a furia do mar, cido eu que deberíamos xuntarnos n'aquela peniña illada onde témonos acochado algunas veces. Dend'ela óllase moito ó lonxe, e ademáis, é ben coñecida de todos nós.—

Medraban as negruras e bruaba o vento cada vez mais forte; os catro cisnes salugábanse nas batidas augas pra voltaren á xurdire no cume das ondas, e conforme iña aumentando a noite, mais terrible faguiase a tempestade. Ó fungare do vento misturábase agora o ronco estrondo dos tronos; mais á azuada e firente luz dos lóstregos, cada un dos fillos do Lir podia avisare ainda o branco bulto dos outros. Asañouse ainda mais o furacán e arrincou ó fin un cisne do brando leito d'escumas pra mergullalo na escuridade fonda da noite. Cando rachou as negruras a luz d'un novo lóstrego, cada un dos fillos do Lir atopouse soio e ceibou un tristeiro layo de desespranza. Martirizados pol-o vento e as augas, os brancos paxaros achábanse perto da morte cando trou-

gueron a calma as pirmeiras craridades do abrente...

\* \*

Con toda a lixeireza que podían dare de si as suas cansas áas, chegou Finola á illa onde conta ba atopare ós seus irmáns, mais non ollou sinal d'eles por ningures. Voou entón até o euruto mais outo da pena... Nada! Soio o ermo e mouro deser to do mare! Sinteu Finola qu'o curazón lle fallaba e púxose á cantare a mais tristeira de todal-as suas cantigas, e cando morreron no ar os derradeiros sóns, ergueu os ollos..... Nadando pasenío car'a pena, apareceu Conn co'a testa pingando e o nídio prumaxe murchado pol-a-y-auga; e Fiacra un pouco mais lonxe, cáseque sen folgos, a malpocada, pra chegar á illa. Correu Finola perto d'ela e prestoulle axuda, e os dous pequenos atopáronse axiña en salvo na pena arrayada agora pol-a luz do sol, e buscaron quentura baixo do prumaxe agarimoso da sua doce irmá.

N'acougaba, emporiso, o curazón de Finola. Falláballe un dos nenos e coidábao perdido pra sempre. Mais ó fio do mediodía apareceu tamén Aed. Viña moi espelido, esbarando lixeiro pol-o seo azul das augas, c'o prumaxe escintilante ó sol. Finola acochouno baixo das prumas do seu peito,

porque Conn e Fiacra non querian saire ainda do quentore das áas. Ficade eiquí mentras poidades, meus amantiños—dixolles ela; e arrolounos c'unha cantiga de berce, tan doce, qu'os paxaros do mar deixaron de chiaren e se foron xuntando ó redor dos cisnes pra escoitaren aquela música engayoladora.

Cando Aed, Fiacra e Conn prenderon o sono e os sóns da cantiga foronse esvaindo ó lonxe, Finola agachou a testa e quedouse tamén adormida á quentura do sol.....

\* \*

Mais eran poucos e curtos os asoleados dias no mar de Moyle e moitas en troques as tempestades qu'arremuiñaban as suas augas. Viñeron xiadas invernizas que fixeron pasaren ós catro cisnes longos dias d'anguria e de misérea, e as mais tristeiras das suas cantigas non abondaban pra espre-saren toda a sua disgrácea.

Dend'aquela tempestade inesquencible, vivian os catro acochados na pena illada onde Finola sofrira a fonda ansiedade d'agardare polos seus irmáns; e alí foron pasando os anos pasenfiñamen-tes, hastra q'un dia o lazo trocou ó mar n'unha longa chán moura. Pol-a noite os cisnes ficaban na illa axuntándose os uns ós outros pra se quen-

taren, mais chegado o dia tiñan que s'arredaren porqu'as pedras aterecíanos co'a friaxe. Apegadas ás arestas do picouto ficaban as brancas prumas dos seus peitos e o pelexo dos seus probes peiños. Cando o sol abrangueu fundil-o lazo, os cisnes poideron voltare á nadar no mar de Moyle, mais as suas feridas layaban ó contanto das salgadas augas. e coidaron morreren de dôr.

Seguiron pasando os anos. Pol-o dia Finola e os seus irmáns podían voare car'ás praías da Verde Illa d'Eirin ou até perto ás costas azúes de Alba, mais pol-a noite obrigáballes o seu destino á voltaren ó mar de Moyle.

Un dia, ollando car'à Verde Illa, viron chegar pol-a praia unha tropa de cabaleiros. Os cabalos eran todos brancos com'a neve e as armadurias dos cabaleiros rebrilaban ó sol.

Os nenos do Lir berraron de ledicia, porque dende que sairan do Lago Darvra non voltaron á ollare unha forma humán. Falade—dixo Finola— Falade e decideme si os homes que veñen pol-a praia non son os nosos Dedaniáns!—Os pequenos fitaron con ansiedade ó lonxe e o Aed respondeu: O curazón dime qu'aqueles cabaleiros son, certamente, do noso pobo.—

Eisi qu'a tropa chegou mais perto e os caba-

leiros poideron ollaren ós catro cisnes, un d'eles escramou na lingua Gaélica:

—Eis os fillos do Lir!—

E cando ouviron Finola e os seus irmáns a doce fala da sua Terra e cando ollaron as facianas dos homes do seu pobo, foi tan grande a sua felicidade que non hai verbas con que a espresare. Moito tempo estiveron calados co'a emoción, mais ó cabo falou Finola.

Falou da vida que levaban no mar de Moyle; das tristeiras choivas e dos cegos furacáns; do carazo tollente e dos espantabres tronos. Falou das soedades dos seus espiritos e das feridas dos seus probes corpos martirizados.—Mais decideme, bós cabaleiros: Qué foi do noso pai e de todol-os nosos amigos Dedaniáns? Ulos? Viven ainda?—

Os cabaleiros déronlle novas de todos á Finola e á os seus irmáns e dixérónlle que Bove-Derg e Lir vivian ainda y-estaban percisamente celebrando a festa da Edade no pazo do Lir.—Mais — findaron—se non pode arredare d'eles a lembranza de vós e a inquietude por coñecel-a vosa sorte. Eisi é qu'aledaránse moito cando lles contemos qu'estivemos perto de vós.—

Ledos e confortados ficaron os curazóns dos fillos do Lir; mais non puideron deterse moito tempo á escoitaren as falas dos cabaleiros, porque

tiñan que voltaren axiña pr'o mar de Moyle. Asegún iñan voando, Finola cantaba e mentres ouviuse a sua doce e feble voz, ficaron axionllados os cabaleiros.

Cando os viaxeiros contaron os sofrimentos de Finola e dos seus irmáns, moi grande foi o sentemento dos Dedaniáns. Aledouse o Lir, emporiso, ó sabere que ainda vivían os seus fillos e pensou con ansiedade no día en qu'había findare o encantamento.

\* \*

Pasadolos outros trescentos anos do feitizo, os catro cisnes brancos deixaron o mar de Moyle e foron pr'o d'Ocidente, qu'era moito mais bravo. N'il non atopaban xeito de fuxir da furia impracabre dos vendabás nin da crueza das xiadas. Mais unha noite tuvo un sono a nena cisne, e cando espertou, chamou ós seus irmáns e dixolle: Cree-de, meus neníños, no Grande Deus que criou a terra c'os seus froitos e o mare c'os seus portentos. Agardade n'Il e Il vos ha salvare.—

Quedáronse todos adormidos e, cando espertaron, brilaba o sol esprendorosamente, e dende entón até final-os trescentos anos derradeiros, nen o vento, nen o mare, nen a choiva, nen as xiadas voltaron á martirizaren ós catro cisnes.

Apousentados n'unha illa de louzano verdor viviron tranquios cantando pol-o dia as suas meigas cantigas e aniñando xuntos pol-as noites en moles leitos de herba, até que unha mañá lles puido decir Finola ós irmáns que estaba xa finado o tempo do encantamento e que podian tornaren cando quixeran car'ô seu vello fogar.

Erguéronse de presa e tendendo as áas no ar, voaron sen acougo até atopal-a terra. Descenderon entón e olláronse os uns ós outros sen se decir en unha fala, tan grande era a sua ledicia. Despois de se repousaren un anaco, voaron de novo por riba do verde chán até abrangueren as montañas e as árbores qu'arrodeaban a sua vella casa. Mais do pazo do Lir soio ficaban ruiñas, e ó redor d'elas as herbas e as ortigas medraban con salvaxe libertade.

C'o curazón ateigado de tristura pasaron a noite os cisnes antr'as arruiñadas parés da sua vella casa, e cando rompeu o día, non podendo soportaren aquela soedade, emprenderon de novo o seu vóo errante e se non detiveron hastra chegaren á Inis Glora, onde se pousaron. E ali, n'un pequeno lago no curazón da illa, fixeron a sua morada e co'as suas engayoladoras cantigas foron achegando perto d'eles á todol-os paxaros d'Ouei-

dente, de tal xeito, qu'o lago foi coñecido ó pouco tempo e'o nome de Lago dos Paxaros.

Paseniamentes iñan pasando os anos, mais non os pesares qu'henchian a-y-alma dos cisnes.—Cáondo voltará o bon Santo á Eirin?—dicianse os uns ós outros.—Cáondo soarán encol da terra e do mare os milagreiros tanguidos da sua campaíña?

E unha morna mañá espertáronse abraiadolos fillos de Lir. Tintileaba no ar un són istrano. Acoroáronse tremendo, e os trés pequenos ergueron o vóo, e voaron d'un lado pro outro c'un grande receio. Voltaron á pousárense, degarantes, á carón da sua irmá que ficara silenziosa antr'os xuncos. Agachados ó rente da nena, perguntáronlle: De onde virán ises misteriosos sóns que s'oucen en toda a illa? Y-ela respondeu co'a voz ateigada de ledicia e d'espranza:—Son os tanguidos da campaíña, d'isa campaíña co'a que vimos soñando todos desde fai tantos anos. Agora si que se ha crebare o noso feitizo e han final-os nosos sofrementos!....—

Deixou Finola o seu acochamento antr'os xuncos, e erguendo o vóo, cruzou as augas do lago, prateadas pol-as febles luces do abreante, e nas abas da praia cantou unha rexia cantiga d'espranza. Namentras cantaba, iña medrando nos peitos dos irmáns a calma alentadora. Voltaron á soaren

no ar, craros e cristaños, os doces sóns da campaíña santa, y-entón os catro cisnes s'axuntaron e púxeronse á entoaren un canto cheo de fervore, dándolle gracias á Deus.

Ó través d'Inis Glora, chegaron os sóns d'iste canto, hastra o lugare onde s'atopaba o Santo Kemoe. Sorpreso o bon Santo co'a dozura da múseca qu'ouvia, ficou mudo un anaco, mais decatouse axiña de qu'aquilas voces eran as dos fillos do Lir; y-entón axionllouse e deulle tamén gracias á Deus por térelle deparado ós catro cisnes, pois fora por mor d'eles pol-o que viñera á Inis Glora.

Púxose en camiño e atopou ós brancos paxaros que viñan car'a il esbarando pol-as tranquías augas. —Videvos á terra—dixolles gravemente— e poñede en míñ a vosa fiducia, pois ha sere n'istes lugares onde habédevos liberare do encantamento.—

Os catro cisnes puxeronse baixo da garda do Santo Kemoc e iste levounos á moraren eo il na sua casoupifía. O Santo mandou á Eirín un traballador moito axeitado c'o engárrego de faguere duas cadeas de prata; e cando llas trouxo, amarrrou con unha d'elas á Finola e á o Aed, e co'a outra á Fiacra e mais á o Conn.

Y-eisi viviron c'o Kemoc os tristes nenos do

Lir. O Santo contoulles a milagreira hestoria do Cristo, que il, e mais o San Patricio, trougueran á Verde Illa, e ista hestoria entrou de tal xeito nos moles curazóns dos nenos, que s'esqueceron axiña das miséreas e dos sofrimentos pasados e viviron cheos de contento ó pé d'aquil Santo protetor qu'os aloumifiaba como se fosen seus propios fillos.

\* \*

Tres veces trescentos anos tiñan pasado dende qu'a Eva cantara o seu maldizoado agoiro: «Até que Deeca sexa a raiña do Largnen e o bon Santo volte á Eirín e s'ouzan na terra e no mare os tanguidos da sua campaíña, non vos veredes liberados do voso feitizo.»

Xa tiña voltado o Santo e xa se ouviran na terra os tanguidos milagreiros. A fermosa Deeca casara c'o Rei Largnen e chegaron até ela novas da nena cisne e dos seus tres irmáns. Moitas istranas cousas fóranlle ditas en col dos seus meigos cantos e das ourizadas mágoas qu'os feriran; e pregouelle ó seu home El Rei que fose cabo do Santo Kemoc e que lle trouguese aqueles paxaros humáns.

O Largnen non quixo ire á pedirlle ó Santo Kemoc que lle dera os cisnes e Deeca encabuxouse e dixo que non viviría e'o il até que llos trouguese; e aquela mesma noite fuxiu do pazo e foise

car'a os dominios do seu pai, qu'estaba aló no Sul.

Mais o Largnen amaba moi fondamentos á Deeca e se non poido afaguer sen ela. Y-eisi foi que lle mandou uns mensaxeiros pra lle pregare que voltase ó pazo pormeténdolle de ire catal-os cisnes. A Deeca voltou y-entón o Largnen mandoulle á pedil-os cisnes á Santo Kemoc, mail-o Santo nos llos deu.

Asañouse moito o Largnen e decidiuse á ire il mesmo pol-os paxarós até á casoupa do Santo. Kemoc aéhábase na ermida e ó rentes d'il, ó pé do altare, estaban os catro cisnes.—É certo que non quixeches donarlle os cisnes á raiña Deeca? —É certo, si señore,—repricoulle Kemoc. Y-entón o Largnen, cego de caraxe, colleu n'unha mán a cadea de Finola e de Aed e na outra a de Fiacra e Conn, e arrincounos do pé do altare, tensionando de tiral-os pra fora. O Santo fitaba todas istas auciós c'un grande degaramento...

¡Milagre!.... Tan axiña como chegou o Largnen á porta da ermida, os catro cisnes caíron deitados no chan e no mesmo punto os fillos de Lir vironse liberados do seu feitizo. ¿Non era Deeca a raiña do Largnen? ¿Non voltara á Eirin o bon Santo? ¿Non se ouvian xa na terra e no mare os doces sóns da sua campaíña?....

Mais foran moitol-os anos que pasaran enriba dos fillos do Lir e moital-as mágoas e desacougos sofridas. Os seus corpos estaban pandados e as suas caras, denantes fermosas, atopábanse agora cheas d'enrrugas.

Ó contemplal-o milagre, o Largnen saiu da igrexa e fuxiu cheo d'espanto por habelos maltratado. O Santo Kemoc berroulle dend'a porta.

—Maldizoado sexas, ou Rei!...

E voltou car'a os nenos que pregáronlle que os bautismase porque coñecian qu'a sua morte estaba moi perta, e dixéronlle a anguria con que pensaban en qu'o tifan qu'abandoare deixándoo soio n'aquil lugar tan arredado; mais qu'era eisi a a vontade do Outo Deus.

A Finola pregoulle asimade que lles fixera as covas n'aquil mesmo lugar e qu'enterrara á Conn á sua man dereita, a Fiacra á sinistra e á o Aed fronte á sua cara, porque d'iste mesmo xeito acocháraos ela nos novecentos anos qu'os tivera ó seu rente.

Bautismounos o Santo, e ó final das suas oracións, fitou pr'as outuras e veu en visión á catro anxos fermosísimos, con áas de prata e caras resprandecentes como a do sol. Iñan pérdeñose nos ars até desapareceren n'unha brétema azuada. O Santo alelouse, pois coñecía por istas señales

qu'os catro nenos rubian á o ceo, mais ó voltal-os  
ollos ó chán da ermida e fital-os corpos ali deita-  
dos, henchéronselle os ollos de bágoas.

Santo Kemoc ordeou faguere unha cova perto  
da ermida y-enterrou n'ela os corpos dos fillos do  
Lir do xeito que Finola dispuxera.

Na húmida terra, onde s'afinca a sepultura,  
medra á herba louzana e zelmosa, e ó redor da  
lousa que contén os nomes dos catro nenos, soan  
mañán e tarde os tanguidos doces da campaiña....

Por-a tradución,

N.F. Barreiro

## **NOTA DE "CÉLTIGA"**

Ista fermosa e sinxela lenda celta esperta, cando se lee, ledos desacougos no noso curazón.

Os probes fillos do Lir, malia ás suas disgracias, venceron todal-as mágoas e todal-as tristuras porque, por riba d'elas, conservaron, com'un recendor sagrado, a sua fala Gaélica. Non importou o feitizo da perversa Eva; non importou, tampouco, toda a furia do mar de Moyle e as inxentes trebonadas qu'alí sofriron os catro cisnes. A fala Gaélica puido mais que todol-os feitizos e todal-as furias. A fala Gaélica foi a verdadeira fada que axuntou á os catro cisnes á través de todal-as disgracias.

E cando resoaron no ar os doces sóns da campaíña do Santo Kemoc, os fillos do Lir atopábanse tan irmanados e tan fortes na sua irmandade, com'o primeiro día do encantamento...

Como os catro cisnes enfeitizados, os nosos irmáns galegos viven baixo a pouta d'unha fera maldizón. Pérderon o esprito da Raza, a orgulleza de seren galegos, o amor

âs cousas da Terra. Mais baixo todas istas  
mentiras que os fan descoñecérence os uns  
á os outros, latexa e vive a doce fala Gale-  
ga no fondo mais íntemo dos seus curazóns.

Y-eísi, cando óuzanse á o lonxe os tan-  
guidos da milagreira campaíña—¡campaíña  
da Libertade!—os bos galegos, sempre ir-  
máns, gracias á o nobre vencello da nobre  
Fala, poderán voltaren do seu enfeitizo.

E os corpos entangarañados, desentan-  
garañaránse. E as almas tullidas, volverán á  
se espiliren, voando á o ceo,—¡resprande-  
centes de luz!—da Libertade da Terra.

Non cubicedes, irmáns, as furias do mar  
de Moyle. Mais non-as temades tampouco.

Que cando os anos vaian pasados, oiredes,  
n'un día grorioso, os tanguidos da doce  
campaíña...

E seredes libres.



Rugas Mineiro-Medicinaes  
:: Bicarbonatado-Sódicas ::

# MONDARIZ

Fontes de GÁNDARA e de TRONCOSO

(PONTEVEDRA)

As mais alcalinas da Hespanha

PROPIEDADE dos

Sres. Fillos de Peinador

## Romero Irmáns

Armács de ferretería, vidros, pinturas, ferros, aceiros, ferramentas, sulfato de cobre, carburo de calcio, etc.

Os mais importantes e surtidos da comarca. Provvedores dos Arsenaes.

## O FERROL

## Vda. e fillos de Pedro Fernández

Armacón de maquinaria e materiaes eléctricos

Encárgase de toda crás de Instalaciós do ramo

Canaletas, 91.

Ferrol.

EDICIÓS DE : : : : :  
**"CÉLTIGA"**

# ALÉN

Comedia do Jaime Quintanilla

PREZO: 2 PESETAS

## MAL DE MOITOS

E

## TRATO A CEGAS

PARRAFEIROS do Charlón e mais do Sánchez Hermida

PREZO: 1'50 PESETAS

VÉNDENSE EN TODAS AS LIBREIRÍAS DE GALIZA

## Xulio F. Couto e C.ª

### FERRETEIRÍA E BAZAR

Baterías de cocifia. Linolios. Xoguetes. Cadros e molduras. Artigos pra regalos, etc.

Real, 133 e 135 - FERROL

## Saturnino Montalbo

Imaxes e oujetos d'eirexa. Pianos e pianoas. Óptica. Prateiría, mostrelaría e xoiería. Artigos fotográficos, de caza, de viaxe y-sport, Thermos. Gramófonos e discos. Música e instrumentos musicais.

COCHES PRA NENOS

Rua Real, 117

Ferrol.

# RAFAEL E VICENTE

COMERCIO DE TECIDOS

XASTREIRÍA CIVIL E MILITAR

TODO NOVO      CANALEXAS, 77

      FERROL

## LEA VOSTÉ

## TEORIA DO NAZONALISMO

Por VICENTE RISCO



## ABRENTE, (VERSONS)

Por VICTORIANO TAIBO



## VENTO MAREIRO (VERSONS)

Por RAMÓN CABANILLAS



## DO ERMO, (VERSONS)

Por NORIEGA VARELA



## DOCTRINA NAZONALISTA

Por RAMÓN VILLAR PONTE

F 17663  
BIBLIOTECA  
UNIVERSITATI  
DE VIGO